

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José
Caparrini Marín, Natalia
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
Pozo Triviño, M^a Isabel del
Quintero Martínez, Félix
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rodríguez Rajo, Francisco Javier
Rubio Armesto, Belén
Sánchez Moreiras, Adela María
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Fariña Rodríguez, José
Formella, Arno
Garza Gil, María Dolores
Lorenzo González, M^a de las Nieves
Pazos Couto, José María
Peña Gallego, María de los Ángeles
Pérez Rodríguez, M. Rosa
Pérez Vázquez, María Consuelo
Rodríguez Domínguez M^a del Mar
Rodríguez Vázquez, Virxilio
Soto González, María Mercedes
Torres Romay, Emma

PDI-A

Arévalo Tomé, Raquel
Durán Barbosa, Rafael
López Ardao, Jose Carlos
López Mira, Álvaro Xosé
Montero Reguera, José Francisco
Romo Pérez, Vicente
Rúas Araújo, José
Ruiz Hidalgo, María del Carmen
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé

ESTUDANTES

Meis Solla, Iago
Piñero Vivas, Miguel Ángel
Rodríguez Pousa, Estela

PAS

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Larriba Leira, M^a Elvira
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Cuevas Alonso, Miguel
Pazos Currás, Marta María
García Eirín, José Manuel
Pazos Currás, Marta María

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Álvarez González, Susana
Anaya Revuelta, Inmaculada
González Penín, Ana Isabel
Mociño González, María Isabel
Porteiro Fresco, Jacobo

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 25 de marzo de 2026, convocada para ás 9:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 25 de marzo de 2026 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente na Sala Manolo Ramos do Edificio Ernestina Otero do Campus de Vigo.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 23 de febreiro de 2026.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, do calendario académico para o curso 2026/2027.
4. Aprobación, se procede, do calendario académico do Centro Universitario da Defensa (CUD), adscrito á Universidade de Vigo, para o curso 2026/2027.
5. Aprobación, se procede, da modificación dos criterios de acceso segundo a LOSU para as prazas do 15%.
6. Aprobación, se procede, de modificacións na normativa de dedicación e recoñecementos docentes.
7. Aprobación, se procede, do convenio de cooperación educativa entre a entidade mercantil METRODORA EDUCATION S.L., Real Club Celta de Vigo e a Universidade de Vigo para a adscrición a dita universidade do Centro Universitario "EUSES-VIGO".
8. Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno do Centro de Apoio Científico-Tecnolóxico á Investigación (CACTI).
9. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de Réxime Interno do Instituto de Agroecoloxía e Alimentación (IAA).
10. Aprobación, se procede, da modificación do modelo do Convenio interinstitucional para o recoñecemento mutuo de créditos para obter unha dobre titulación internacional.

11. Aprobación, se procede, da proposta do Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa da concesión do grao de “Doutor Honoris Causa” a Don Antonio Manuel Seixas Sampaio da Nóvoa.

12. Elección de representantes na Comisión de seguimento do Plan Estratéxico: 2 PDI; 2 PTXAS; 4 estudantes; 1 director/a de departamento.

13. Quenda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 23 de febreiro de 2026.

O reitor pide que se aprobe por asentimento.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Negociacións do convenio colectivo do persoal investigador e o persoal de apoio á investigación.
- Estatutos: convocada unha derradeira xuntanza da Comisión de Estatutos.
- Descentralización do grao en Medicina. Continúan as xuntanzas.
- Facultade de Enfermaría: estase rematando o convenio de desadscripción do SERGAS. Vai ser unha Facultade única.
- Título propio para atraer estudantado estranxeiro de Campus Spain.
- Xuntanza CRUE-Universidades Públicas.
- Consello Reitor do Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur.
- Comisión de Política lingüística.
- Enquisa sobre o Plan de docencia en galego. Avance de resultados: O 73% falan sempre en galego. O 50% mais de 20 anos de docencia na Uvigo. O 71% non participou nos planes de docencia en galego. Forte descoñecemento do Plan. Xente que pensa que non debe facerse recoñecemento. Profesorado que pensa que ten estudantes estranxeiros. Os que participaron viron que era doado. Varios pediron itinerarios en galego nos planes de estudio.
- Foro tecnolóxico de emprego.
- Presentada a rede experimental 5G.
- Desbloqueo na ETEA. O reitor manifesta o seu agradecemento á Xunta de Galicia, a Zona Franca e ao Concello de Vigo.
- Premios do programa INCUVI.
- Homologación de títulos.
- Claustro. Elección de valedor universitario.

- Xornadas de formación no doutoramento.
- Premios de poesía, relato curto e tradución.
- Iníciouse a 3ª edición do Ciclo de Lingua Galega no cinema.
- A UVigo busca persoas voluntarias para avaliar a accesibilidade dos edificios dos tres campus. Iniciativa impulsada pola Vicerreitoría de Extensión Universitaria e a Unidade de Diversidade.
- Celebrouse o día internacional da Muller Traballadora.
- Presentación do CIDEGA.
- Congreso NALS.
- II Xornadas sobre Termalismo.
- Zona Franca apoia o proxecto BIXO.
- Sustentabilidade ISR 2026.
- Xuntanza co Alcalde: Aulas para o PUM. Espazo para unha residencia. Siemens.
- Celebrouse a sinatura da nova cátedra de computación óptica Cuántica con Zona Franca.

Remata o informe ás 10.48.

3. Aprobación, se procede, do calendario académico para o curso 2026/2027.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral quen lembra que teñen a documentación todos os membros do Consello de Goberno, engadindo que o calendario foi consultado cos centros, vicerreitorías e xefes de servizo afectados, a fin de chegar a acordos sobre dito calendario.

O curso académico comprenderá do 1 de setembro de 2026 ao 31 de agosto de 2027.

Consonte ao exposto, no curso 2026/2027 as semanas de actividade académica docente na Universidade de Vigo quedarán distribuídas en dous períodos equivalentes, e unha sexta parte reservárase para celebración das probas de avaliación final (situadas entre a data límite de entrega de actas do período correspondente e a do inmediato anterior) dedicándose o resto á actividade lectiva.

PERÍODO, co inicio do período e o remate do período:

Primeiro: Luns, 7 de setembro de 2026. Venres, 22 de xaneiro de 2027

Segundo: Luns, 25 de xaneiro de 2027. Venres, 4 de xuño de 2027

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, do calendario académico do Centro Universitario da Defensa (CUD), adscrito á Universidade de Vigo, para o curso 2026/2027.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral quen indica que o calendario é o que remitiu o CUD, e, falado co estudiantado, están de acordo co mesmo.

O curso académico no Centro Universitario da Defensa na 'Escuela Naval Militar (CUD-ENM)' comprende do 31 de agosto de 2026 ao 31 de xullo de 2027, celebrándose os exames extraordinarios no mes de xullo.

Apróbase por asentimento.

5. Aprobación, se procede, da modificación dos criterios de acceso segundo a LOSU para as prazas do 15%.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica quen fai a seguinte presentación:

Interpretación da LOSU para o acceso ás prazas do 15 %

Artículo 71. Concursos para el acceso a plazas de los cuerpos docentes universitarios.

1. Las universidades, de acuerdo con lo que establezca su normativa interna, convocarán concursos para el acceso a plazas de los cuerpos docentes universitarios que estén dotadas en el estado de gastos de su presupuesto, según se desarrolle reglamentariamente. En todo caso, dichos concursos contemplarán las siguientes condiciones:

a) La experiencia docente y la experiencia investigadora, incluyendo la de transferencia e intercambio del conocimiento, tendrán una consideración análoga en el conjunto de los criterios de valoración de los méritos a considerar por las universidades. Las universidades podrán establecer en la convocatoria otros méritos a valorar.

b) Las comisiones de selección estarán integradas por una mayoría de miembros externos a la universidad convocante elegidos por sorteo público entre el conjunto del profesorado y personal investigador de igual o superior categoría a la plaza convocada. Dicho sorteo se realizará a partir de una lista cualificada de profesorado y personal investigador elaborada por la universidad, en los términos en los que se desarrolle en la normativa interna.

c) Se aplicará una reserva en el cómputo anual, de un mínimo del 15 por ciento del total de plazas que oferten las universidades para los cuerpos docentes de Universidad y el personal permanente laboral, para la incorporación de personal investigador doctor que haya superado la evaluación del Programa de Incentivación de la Incorporación e Intensificación de la Actividad Investigadora (I3), o que haya obtenido el certificado como investigador/a establecido/a (R3). Las plazas objeto de reserva que queden vacantes se podrán acumular a la convocatoria ordinaria de turno libre de ese mismo año.

Interpretación da LOSU para o acceso ás prazas do 15 %

Plaza n.º 1

Referencia: TU2502-C03-420-TU-TC-01. N.º de prazas: Una. Cuerpo/Categoría: Profesor/a Titular de Universidad. Área de conocimiento: A0420 Genética. Departamento: D00c03 Bioquímica, genética e inmunología. Actividad docente e investigadora: El perfil se corresponde con materias del área. Centro de trabajo: 302 Facultad de Biología. Observaciones: Estar en el marco de una convocatoria competitiva de investigación o haber finalizado el programa de excelencia de que se trate, y tener certificado I3/R3.

onde di «Observaciones: Estar en el marco de una convocatoria competitiva de investigación o haber finalizado el programa de excelencia de que se trate, y tener certificado I3/R3.»

debe dicir «Observaciones: Estar en posesión de certificado I3/R3»

Interpretación da LOSU para o acceso ás prazas do 15 %

Corrección de erros nas prazas 1, 2, 3, 4, 5, 9, 10 e 11 da Resolución do 10/02/2026, da UVigo, pola que se convoca un concurso de acceso a prazas de corpos docentes universitarios, publicada no BOE n.º 47, do 21/02/2026

Facer unha corrección de erros na resolución do 10 de febreiro de 2026, da Universidade de Vigo, pola que se convoca concurso de acceso a prazas de corpos docentes universitarios, e publicada no BOE Nº 47, de 21 de febreiro de 2026, e que se abra un novo prazo de solicitudes para as prazas afectadas. Nas prazas 1, 2, 3, 4, 5, 9, 10 e 11

onde di «Observaciones: Estar en el marco de una convocatoria competitiva de investigación o haber finalizado el programa de excelencia de que se trate, y tener certificado I3/R3.»

debe dicir «Observaciones: Estar en posesión de certificado I3/R3»

6. Aprobación, se procede, de modificacións na normativa de dedicación e recoñecementos docentes.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica quen presenta as modificacións:

Inclusión da coordinación de doutoramento, equiparándoa á de grao e mestrado

Táboa 2. Horas de recoñecemento de actividades de goberno e representación (RAGR)

Recoñecemento de actividades de goberno e representación (RAGR)		Horas
R.1. Cargos académicos e representación sindical	R.1.1 Reitor/a, vicerreitor/a con dedicación exclusiva	240
	R.1.2 Vicerreitor/a sen dedicación exclusiva, secretario/a xeral, valedor/a universitario/a	180
	R.1.3 Adxunto/a ao reitor/a, delegada/o na OUG	150
	R.1.4 Decano/a e director/a de centros docentes	120
	R.1.5 Director/a de centros CIGUS	100
	R.1.6 Director/a de área, director/a de centros de investigación	90
	R.1.7 Director/a de instituto universitario	70
	R.1.8 Vicedecano/a, subdirector/a e secretario/a de centros docentes	70
	R.1.9 director/a de departamento, coordinador/a xeral PUM	50
	R.1.10 Secretario de instituto e centros de investigación, secretario/a, subdirector/a, xefe/a de sección de departamentos, coordinadores/as de campus PUM	30
	R.1.11 Delegado de protección de datos	120
	R.1.12 Representación sindical (segundo o acordado)	
R.2. Representación da UVigo e outros	R.2.1 Membro da comisión de acreditación /de avaliación (CER,CEI) ANECA/Comité asesoramento do CNEA	45
	R.2.2 Xestor/a de programas de investigación e asimilables	45
	R.2.3 Delegada/o da UVigo en centros adscritos	30
	R.2.4 Representante por delegación do reitor noutras institucións ¹	ata 25
R.3. Órganos de Goberno da UVigo	R.3.1 Membro do Consello de Goberno da UVigo	7
	R.3.2 Membro do Claustro da UVigo	5
	R.3.3 Membro de Consello de Campus	5
	R.3.4 Membro de comisións delegadas do Claustro ou mesa	15
	R.3.5 Membro de comisións delegadas do Consello de Goberno	15
	R.3.6 Membro da comisión de ética	Bolsa de 150 h
R.4. Outros	R.4.1 Coordinadores de grao, mestrado ou doutoramento con selo de excelencia ¹	65
	R.4.2 Coordinadores de grao, mestrado ou doutoramento conxuntos coordinados pola UVIGO ²	55
	R.4.3 Coordinadores de grao, mestrado ou doutoramento ³	40

Inclusión das actividades formativas de doutoramento (docencia impartida certificada pola EIDO)

Táboa 3. Actividades docentes xa realizadas e non afectadas polo mínimo de 120 h.

Recoñecementos de actividades docentes	Horas a recoñecer
Titorización de TFG/TFM ⁴ no curso académico anterior	4 h/6 ECTS + 1 h/3 ECTS adicional ⁶
Dirección de Teses de doutoramento lidadas nos 3 cursos anteriores	10 h por tese completa ⁷
Titorización de Teses de doutoramento con director/es de fora da UVigo	5 h por tese no curso académico no curso seguinte ao da lectura
Actividades formativas de doutoramento	Horas acreditadas pola EIDO
Docencia en inglés ⁵	1 h por cada 4 h en inglés no POD
Docencia en galego	Segundo o plan de docencia en galego
Actividades docentes recoñecidas polos centros/campus (coordinación de curso, coordinación de materia, titorización de prácticas externas, titorización de alumnos de intercambio)	Horas asignadas polos centros / campus (da bolsa de horas)
Outros recoñecementos docentes	A definir polo Consello de Goberno

Aplicables á capacidade docente efectiva

Táboa 1. De aplicación ao profesorado permanente a tempo completo, así como ás figuras en réxime de interinidade asimilables a este profesorado, e de profesorado axudante doutor.

	0 sex.	1 sex.	2 sex.	3 sex.	4 sex.	5/6 sex.
≥ n-7*		220	200	160		
n-8	240			200	160	
n-9		240	240			140
n-10				240	200	
≤ n-11						

* Para o profesorado que durante os últimos 10 anos estivera dedicado, durante polo menos 4 anos, a cargos de xestión como os de reitor/a, vicerreitor/a, secretario/a xeral, director/a de área, decano/a ou director/a de centro, e director/a de departamento, este límite ampliarase de 7 a 10 anos.
n: ano de inicio do curso académico
Tomarase como ano de referencia dun sexenio o da convocatoria na que se solicite.

Outros Recoñecementos	Horas a recoñecer
Recoñecementos por idade	10 h a partires dos 63 anos ao profesorado que cumpre 63 durante ese curso académico
Adaptación do profesorado axudante doutor LOU	40 h

Virxilio Rodríguez Vázquez intervén para falar dos axudantes LOU: que ocorre se un axudante LOU vese beneficiado por este recoñecemento, menos 40 horas, e posteriormente pasa á figura PPL interino?. Faríase unha modificación no POD? Os axudantes LOSU, que teñen unha dedicación de 180 horas, en caso de ter un sexenio recoñecido, recoñeceríase esa redución? A vicerreitora responde, respecto a primeira pregunta, que cando se fai unha modificación da figura pártese de cero, porque non teñen nada que ver, polo tanto, cando se incorporan como PPL ou titulares. Hai que facer unha modificación no POD. Con respecto a segunda pregunta, os axudantes LOSU, se teñen un sexenio, están a 180 horas.

José Carlos López Ardao intervén para dicir que é o coordinador dun mestrado, e cre que encaixa mellor esa figura con actividades docentes recoñecidas, explicando que existe un problema coa bolsa de horas de mestrado, xa que os coordinadores de materias e demais poden baixar de 120, pero o coordinador de mestrado, como é o seu caso, non pode baixar de 120, o que considera discriminatorio. Ese R4 encaixaría mellor dentro da táboa 3 para que resultara xusto, e gustaríalle que se teña en conta para o ano que ven. A vicerreitora responde que na Vicerreitoría fixeron unha reflexión no sentido de que a coordinación é unha actividade de xestión, non académica, que se recoñece no ano en curso. Recolle a proposta de Ardao para telo en conta para o futuro.

Rebeca Díaz Redondo quere facer dous comentarios, un en relación coa táboa 3, e a forma na que se aplicou este curso académico. Aí hai un conxunto de actividades docentes recoñecidas polos centros e campus, que enumera 4 actividades: coordinación de curso, coordinación de materia, titorización de prácticas externas, titorización de alumnos de intercambio. E claro, a aplicación que se fixo foi tan estrita que resulta que nas titulacións onde teñen coordinadores de módulo, por exemplo porque teñen mencións, entón teñen coordinadores de módulo, esas actividades, que son actividades académicas, pois non tiveron a acollida que se esperaba nesta táboa. Entón o mellor, pensando na reflexión conxunta deste cambio normativo, pois ter unha enumeración finita, limitada, e aplicada de

maneira tan estrita pois é un prexuízo, para a maneira na que se coordinan as titulacións e o traballo que fan os compañeiros de ter uns contidos mais sincronizados, mais acompañados e iso tamén é traballo.

Despois, na táboa 4, que están establecidos un montón de recoñecementos por proxectos de investigación, a verdade é que ela non se decatara no seu día, pero aquí non hai ningún tipo de recoñecemento por proxectos tamén internacionais e que tamén teñen impacto como os Erasmus +, cando hai coordinacións desde a nosa universidade, son proxectos moi grandes, proxectos moitas veces de capacitación docente. Se estamos falando de desgravación docente, habería que telos en conta, quizais incluso mais ca estes, xa que estes ao final teñen un impacto nos sexenios dalgunha maneira e os outros moitas veces non. Agora é imposible facer nada deste cambio pero quería facer esta reflexión.

A vicerreitora de profesorado e ordenación académica contesta que quere matizar unha cuestión: as coordinacións de módulos se consideraron igual que as coordinacións de curso, polo tanto, si que foron aplicados os recoñecementos na Táboa 3. Rebeca Díaz Redondo di que non foi así, porque ela fixo a do seu centro, e non foi así, foi rexeitado, non é certo, polo menos nunha primeira aproximación. A vicerreitora responde que pode ser así nunha primeira aproximación, pero asumíronse nunha reunión que tiveron e asumíronse as de módulo como as de curso e polo tanto están sendo aplicados do mesmo xeito. O ano pasado foi o primeiro no que se fixeron desgravacións por proxectos, neste momento se tiveron en conta os proxectos de investigación, é certo que non se incluíron os proxectos docentes, recolle a proposta para ter en conta o dos Erasmus + para un futuro próximo cando se faga a modificación da normativa. Rebeca Díaz Redondo quere facer dúas reflexións en voz alta persoais: a primeira é que claro, como se fixeron tantos cambios sobre a marcha e isto ven desde novembro, e despois fixéronse cambios aquí, formalmente no Consello de Goberno, na COAP, pero outros cambios como ti comentas foron sobre a marcha, é moi difícil seguir a normativa cando unha normativa ao final non se sigue, porque o que se vai facendo son cambios ad hoc, a medida que se van facendo as peticións. Xera bastante indefensión, para os que cobren as bolsas de horas e representan aos centros, iso o primeiro. E o segundo, de forma xeral, isto xa o falara a primeira vez que se aprobara isto, que cree que foi en novembro, e falouse do tema das porcentaxes e o debate foi centrado exclusivamente practicamente nas porcentaxes e o recoñecemento de horas como volume de horas, se falou de moitas cousas, e o final resulta que o que temos é un conxunto de recoñecementos que o profesorado decide neste caso, na ferramenta epod, veñen un montón de horas do traballo que fixo, e logo veñen un montón de horas que o final non son descontos efectivos, polo que se pregunta se ten sentido falar ou mandarlle ao profesorado un montón de horas de traballo recoñecidas cando despois non se lles pode recortar efectivamente no seu día a día, na súa capacidade docente, pois o mellor é o que temos que pensar, non ten moito sentido facelo así, porque a mensaxe que se está dando é un pouco equivocada, se está traballando por riba do que se debería traballar, ao mellor esta é unha cuestión mais filosófica que de normativa. Os cambios que se fixeron de aplicación de normativa foron fora da normativa, é dicir, que a vicerreitora acaba de comentar, que ao final si se recoñeceron as coordinacións de módulo, cando na normativa non está, que outras cousas se recoñeceron que non están na normativa, é o que está pensando ela cando a vicerreitora di isto, e non pode ser. O tema ven coleando desde novembro e xa faláron nalgunha ocasión disto, nos centros foi un trastorno, e a forma na que se fixo que cree que non foi a mellor, a mais axeitada, e se recoñece agora que se aceptou sen aplicar a normativa xa non sabe moi ben que dicir. A vicerreitora quere deixar clara unha cousa, ela non entra en cuestións filosóficas, non é o sitio nin a súa función neste momento, na mesa de negociación é onde se discuten e debaten estas cousas. Non se fixeron cambios ad hoc, parécelle bastante mal que se estea dicindo iso, ela avoga pola transparencia absoluta, e

recoñeceuse o de coordinadores de módulo, cargo único, existente en telecomunicacións, de aí a equiparación coa coordinación de curso, non a transgresión da normativa, parécelle bastante mal que se diga que se fixeron modificacións ad hoc, porque xa o escoitou de outra persoa, e a través dunha reclamación que lles chegou, gustaríalle saber que modificacións ad hoc fora da normativa se fixeron que non fora equiparar un módulo a un curso, que é do que se falaba. O resto, que ela saiba, están todos dentro da normativa.

O reitor di que equiparar algo que non está explicitamente nin aceptado nin denegado, equiparar dúas coordinacións que non tiñamos a verdade coñecemento, non é saltarse a norma, e de fito o pedimento xurdiu da Escola de Telecomunicacións. En canto as cousas que as veces se deixan caer, por onde foi o debate, o reitor sempre deixou falar a todos, do que queiran, non lle quitou a palabra a ninguén, e nos termos que quere, incluso posiblemente deixa falar incluso cando se van por outros derroteiros, sen ir mais lonxe, neste mesmo momento, porque hoxe estamos a tratar non do que se aprobou no seu día ou na segunda rolda, cando, de acordo cun informe xurídico tivemos que facer unha modificación que non queríamos, estamos a falar dunhas modificacións puntuais, que se presentan aquí, e que foron, como todas elas, aprobadas na mesa, e polo tanto o que se negocia e o que se aproba. Foi moi traballada na mesa de negociación, e aprobada por unanimidade na COAP.

José Rúas Araujo pide que se contemple o tema da AEI (Axencia Estatal de Investigación), o di pola avaliación de proxectos. Solicita que se teña en conta cara ao futuro. Hai comisións internas e comisións externas, e cando se forma parte dunha comisión interna, avalías entre 10 e 14 proxectos. Cre que deberían estar entre as desgravacións de cara ao futuro. Pregunta polos descontos por idade, quere saber se esas dez horas son acumulables, é dicir, cada ano, xa que como o PDI non ten aguinaldo de xubilación (o que daría para outro debate, xa que cre que non é xusto que nunha mesma administración uns o cobren -PTXAS- e outros non). O reitor di que o aguinaldo o declarou ilegal un xuíz, aínda que quedou vixente para o PTXAS.

Álvaro Xosé López Mira pregunta sobre o prazo para a resposta ás reclamacións feitas sobre o POD. A vicerreitora di que están feitas, aínda que non as poden ver porque están esperando as respostas de diferentes servizos. A intención é poñelas a disposición a finais desta semana.

Miguel Cuevas Alonso quere facer algún comentario sobre o tema dos recoñecementos. En primeiro lugar, agradece o esforzo feito, xa que levou moito tempo facer esta normativa. Comezou fai máis dun ano, e o que se trae a Consello de Goberno son modificacións que xorden dalgún atranco para recoñecementos xustos. A LOSU pon unha liña vermella con respecto ás 120 horas, polo que hai que analizar as cousas que se recoñecen, o que fixo que algunhas quedaran esquecidas con tanto fronte aberto. As modificacións que se fixeron non son en ningún caso ad hoc, senón xustas para as persoas, e que se negocian sempre na mesa. A vicerreitora agradece as palabras de Miguel Cuevas e a dispoñibilidade dos sindicatos para chegar a acordos na mesa.

Virxilio Rodríguez Vázquez pregunta se vaise abrir un novo período de reclamacións, unha vez que se aproba de novo a normativa. Pregunta tamén pola previsión da posta en marcha do POD. A vicerreitora di que non teñen previsto un novo período de reclamacións, farán os recoñecementos de xeito automático. Falarán cos directores de departamento, para ver se farán modificacións sobre a previsión do POD, ou se prefiren partir de cero. Avisarán con tempo.

Apróbase por asentimento.

7. Aprobación, se procede, do convenio de cooperación educativa entre a entidade mercantil METRODORA EDUCATION S.L., Real Club Celta de Vigo e a Universidade de Vigo para a adscrición a dita universidade do Centro Universitario “EUSES-VIGO”.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Educativa quen informa sobre o convenio:

Convenio de cooperación educativa

ENTIDADES COLABORADORAS:

- . Universidade de Vigo
- . Centro Universitario EUSES-Vigo (Metrodora Education Vigo, S. L.)
- . Real Club Celta de Vigo, S. A. D.

FINALIDADE E ALCANCE DO CONVENIO:

- . Adscrición do Centro EUSES-Vigo á Universidade de Vigo como centro universitario.

OBXECTIVO

- . Oferta de ensinos conducentes á obtención de determinados títulos oficiais para a súa impartición pola UVigo.
- . Desenvolvemento da actividade investigadora nos grupos de investigación da UVigo e en proxectos derivados da colaboración mutua.
- . Transferencia do coñecemento.

Convenio de cooperación educativa

VINCULACIÓN ACADÉMICA UVigo-EUSES Vigo:

- . Delegado/a da Universidade de Vigo.

ÓRGANOS DE GOBERNO

- . **Colexiados:**
 - . **Consello reitor:**
 - . **Presidencia:** Director/a xeral de Metrodora Education Vigo S,L.
 - . **Vogais:**
 - Vicerreitor/a da UVigo con competencias en centros adscritos.
 - Director/a de EUSES Vigo.
 - Delegado/a da UVigo.
 - Presidencia do Real Club Celta de Vigo ou persoa na que delegue.
 - . **Secretaría:** Secretario/a do centro universitario, con voz pero sen voto.

Convenio de cooperación educativa

ÓRGANOS DE GOBERNO

- **Colexiados:**
 - Xunta de centro.
- **Unipersoais**
 - Director/a do centro. Proposto polo padroado e nomeado/cesado polo reitor/a da UVigo, preferentemente co título de doutor/a.
 - Subdirector/a do centro. Nomeado polo padroado por proposta do director/a.
 - Secretario/a do centro. Nomeado polo padroado por proposta do director/a.

Convenio de cooperación educativa

COMISIÓN DE SEGUIMENTO

- **Dous representantes de cada unha das partes:**
 - Universidade de Vigo e centro adscrito.

ESTRUTURA ACADÉMICA

- O centro universitario contará coa estrutura académica necesaria para impartir os ensinos universitarios e a investigación universitaria que sexa de interese.
- As instalacións estarán distribuídas entre a Cidade Deportiva Afouteza e o estadio municipal de Balaídos.

Convenio de cooperación educativa

PROFESORADO

- . A contratación do persoal docente e investigador terá natureza laboral ou mercantil, e será realizada polo centro segundo o establecido na LOSU e demais normas de aplicación.
- . A selección do persoal docente e investigador levarase a cabo mediante un proceso selectivo segundo criterios aprobados polo centro e publicados, se así o esixe a normativa aplicable, no diario oficial correspondente.
- . O delegado/a da UVigo participará neste proceso de selección.
- . O profesorado do centro deberá cumprir os requisitos de titulación académica e de acreditación que estableza a lexislación vixente.
- . O profesorado do centro deberá contar coa *venia docendi* da UVigo.

Convenio de cooperación educativa

ESTUDANTADO

- . O estudantado do centro matricularase como estudantado da UVigo.
- . O estudantado deberá cumprir, para o seu ingreso, os requisitos legais que prevexan as disposicións vixentes para o acceso á universidade.
- . O estudantado do centro terá a consideración de estudantado matriculado na UVigo, cos dereitos que se lle recoñezan no convenio de adscrición.
- . A oferta anual determinarase a UVigo, tras a súa aprobación por parte da Xunta de Galicia.

FUNCÍONS DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

- . Serán levadas a cabo polo persoal necesario contratado polo centro EUSES-Vigo.

Convenio de cooperación educativa

ESTUDOS

- **Graduado/a en Psicoloxía**
- **Graduado/a en Enfermaría**
- **Graduado/a en Xestión Deportiva**
- **Graduado/a en Deseño e Arte para Videoxogos**
- **Graduado/a en Produción de Música e Son para a Industria do Entretemento**

As titulacións deberán ser aprobadas polos órganos de goberno da Universidade de Vigo e figurarán no rexistro de universidades, centros e títulos (RUCT).

A incorporación doutras titulacións e estudos realizarase mediante a sinatura das preceptivas addendas modificativas ao presente convenio.

Convenio de cooperación educativa

OBRIGAS E COMPROMISOS ECONÓMICOS

- A subscrición do convenio non implica compromisos económicos concretos e determinados para a UVigo.
- Metrodora Education Vigo, S. L. comprométese a abonarlle á UVigo as cantidades estipuladas na normativa da comunidade autónoma en concepto de matrícula do seu estudiantado nos estudos oficiais recollidos no convenio ou nas addendas posteriores.
- Metrodora Education Vigo, S. L. comprométese a abonarlle á UVigo os custos doutros servizos e apoios que a UVigo lle preste ao centro en virtude do punto 5 da cláusula terceira.

Miguel Cuevas di que non é partidario especialmente das universidades privadas e solicita, chegado o momento, un informe ou unha análise para saber se psicoloxía se triplicaría no sistema universitario galego (unha fóra do ámbito público universitario). O grao de enfermaría quintuplicaría os que vai haber, aínda que lle pareza moi positivo incorporar os estudos de enfermaría nun grao na Universidade de Vigo. Graduado en xestión deportiva en relación cos estudos en Ciencias de Educación Física e do Deporte, porque algunhas saídas están vencelladas a xestión deportiva. Produción de música e son cre que non hai nada no sistema, pero o referente a deseño e arte para Videoxogos pode entrar en competencia co grao en Deseño, ou con Comunicación Audiovisual, ou en Tradución e Interpretación.

Intervén a continuación o vicerreitor de Titulacións para concretar algún aspecto, como que enfermaría necesita moitas máis prazas porque hai moita demanda.

O reitor di que se pedirá o informe, aínda que non estamos aprobando os títulos senón a creación do centro adscrito. A alternativa era ter unha Universidade Privada, que ía poñer uns títulos que non necesitaban nin tan sequera o permiso da Xunta. Eran Fisioterapia, e outros case equivalentes aos nosos. En canto a Enfermaría, pode resultar chocante, pero os centros adscritos sempre teñen que sacar máis prazas porque non chegan as que teñen, polo que esta será unha oportunidade de incrementar o número de prazas, como pide a Comisión de docencia clínica galega. E sobre o mestrado en Xestión Deportiva, que leva un profesor da Universidade de Vigo, xa está o Celta dentro, ou sexa que o que queremos é colaborar aínda máis.

Miguel Cuevas di que se preguntaba se tendo unha psicoloxía no SUG nos ían permitir ter un Grao máis, así como o resto dos títulos dos que falou.

Rosa Pérez Rodríguez, comenta que entende que é mellor que estean dentro que fóra, pero queda preocupada: unha cuestión é que o convenio é con Metrodora, non coa Universidade de Vigo. Que é Metrodora? Cre que o de deseño en videoxogos choca directamente coa UDC. Unha última cuestión: non é obrigatorio un informe xurídico antes deste convenio? Ela xa adianta que prefire absterse.

Levase a cabo a votación. Resultado da votación:

Votos a favor: 27

Votos en contra: 0

Abstencións: 7

Apróbase por maioría.

8. Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno do Centro de Apoio Científico-Tecnolóxico á Investigación (CACTI).

O reitor da a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación quen presenta o regulamento deste xeito:

CAPÍTULO V. Funcións do persoal do CACTI

ARTIGO 14

Son funcións do persoal do CACTI. Engadir:

- i) O persoal técnico poderá promover, organizar ou participar na impartición de cursos de especialización e/ou de formación permanente que garden relación coas técnicas e/ou as prestacións que se realicen nas devanditas instalacións, coa autorización previa da dirección do centro, da vicerreitoría con competencias en materia de investigación e da xerencia.
- ii) O persoal técnico do centro colaborará activamente nas demostracións científico-técnicas de equipos instrumentais e/ou de instalacións que sexan solicitadas polo persoal docente e investigador da Universidade de Vigo.

Durante o desenvolvemento destas actividades, o persoal técnico designado prestará asistencia nos aspectos prácticos da demostración, así como nas aclaracións que poidan xurdir. Esta colaboración realizarase en coordinación coa persoa solicitante, que será a responsable de impartir as explicacións teóricas correspondentes.

CAPÍTULO VI. Persoas usuarias e normas de funcionamento

ARTIGO 16

A utilización dos servizos implica que as persoas usuarias asumen a normativa de funcionamento recollida neste regulamento no anexo II, así como as normativas específicas de utilización de equipos e servizos. As persoas usuarias do CACTI deberán mencionar nas súas publicacións os servizos empregados para acadar os resultados.

CAMBIAR POR:

A utilización dos servizos do CACTI implica a aceptación por parte das persoas usuarias da normativa de funcionamento recollida no presente regulamento, así como das normas específicas de uso dos equipos e dos servizos, detalladas no anexo II. Así mesmo, as persoas usuarias deberán recoñecer nas súas publicacións científicas, técnicas ou divulgativas o uso dos servizos prestados polo CACTI, mediante a seguinte mención: «Soporte técnico do CACTI (Universidade de Vigo)».

CAPÍTULO VII. Cesións de equipos

ARTIGO 18

Poderá adscribirse ao CACTI equipamento de interese para toda a comunidade universitaria cedido por grupos de investigación, departamentos ou centros.

ARTIGO 19

Considéranse susceptibles de cesión ao CACTI os equipos de uso xeral requiridos para o seu funcionamento, mantemento e instalación unha infraestrutura non dispoñible polos grupos de investigación e outros equipos para os que se desexe unha utilización máis ampla.

CAMBIAR POR

Considérase susceptible de cesión ao CACTI aquel equipamento de uso xeral necesario para o funcionamento, o mantemento ou a instalación de infraestruturas das que carezan os grupos de investigación, así como aquel que permita ampliar a oferta de servizos do CACTI ou substituír material ou equipamento avariado, co obxectivo de favorecer un uso máis amplo e eficiente dos recursos dispoñibles.

CAPÍTULO VII. Cesións de equipos

ARTIGO 20

A proposta de cesión a favor do CACTI dirixirase á dirección do centro, quen lla enviará á vicerreitoría con competencias en investigación e informará a comisión do CACTI. Será realizada pola persoa investigadora principal responsable do equipo e secundada polo grupo de investigación. É recomendable que a proposta sexa avalada pola sinatura doutros grupos de investigación interesados na utilización do correspondente equipo, e incluírá unha memoria razoada.

CAMBIAR POR:

A proposta de cesión de equipamento ao CACTI deberá ser realizada por escrito pola persoa investigadora principal responsable do equipo, coa conformidade do grupo de investigación, departamento ou centro, segundo proceda. Unha vez recibida a solicitude, para que a cesión poida ser efectuada será necesario o informe favorable da dirección do CACTI, da súa comisión e da vicerreitoría con competencias en materia de investigación. Deberase, ademais, asinar un acordo de cesión permanente entre a entidade transmisora (grupo de investigación, departamento ou centro) e a entidade receptora (CACTI).

CAPÍTULO VII. Cesións de equipos

ARTIGO 21

A aprobación da cesión a favor do CACTI implicará a adscrición ao centro do citado equipamento e quedará rexida a súa utilización polo regulamento propio.

CAMBIAR POR:

A aprobación da cesión de equipamento a favor do CACTI implicará a súa adscrición ao centro e a súa utilización quedará regradada polo regulamento interno do CACTI. Unha vez formalizada a cesión, o CACTI asumirá a responsabilidade dos gastos derivados do mantemento e das reparacións do equipamento.

Así mesmo, corresponderalle ao CACTI a xestión do cambio de localización no Servizo de Patrimonio da Universidade de Vigo, así como a actualización da información correspondente na base de datos de infraestruturas RESUV.

CAPÍTULO VII. Cesións de equipos

ARTIGO 21

A aprobación da cesión a favor do CACTI implicará a adscrición ao centro do citado equipamento e quedará rexida a súa utilización polo regulamento propio.

No caso de que o equipamento sexa susceptible de selo, será incluído no catálogo de equipamento certificado baixo a norma ISO 9001:2015, no marco do sistema de calidade do centro.

O material ou equipamento cedido será posto á disposición das persoas usuarias do CACTI, integrándose na súa carteira de servizos conforme os procedementos establecidos.

CAPÍTULO VII. Cesións de equipos

ARTIGO 22

A tarifa aplicada ao investigador/a principal responsable da cesión será dun 25 % da tarifa vixente do instrumento cedido durante un período de cinco anos a partir da entrada en funcionamento do equipamento. En casos excepcionais e motivados, poderán acordarse outras condicións por interese estratéxico debidamente xustificado, por ambas as partes que acordan a cesión.

CAMBIAR POR:

O material ou o equipamento obxecto de cesión será valorado economicamente segundo o seu prezo de mercado actual. Poderase establecer unha compensación a favor da entidade transmisora, equivalente ao dito valor de mercado. Esta compensación será formalizada como un abono para o uso de técnicas instrumentais ou de servizos ofrecidos polo CACTI que resulten de interese para a entidade transmisora. O período de validez deste abono será limitado no tempo e deberá ser acordado expresamente por ambas partes no momento de formalizar a cesión.

CAPÍTULO VII. Cesións de equipos

ARTIGO 23

O CACTI poderá cederlles equipos a grupos de investigación/departamentos/centros cando transcorran, polo menos, dous anos sen solicitude de servizos polas persoas usuarias. A oferta de cesión de uso do equipamento será pública e a dirección do CACTI informará sobre as solicitudes presentadas para que as aprobe a comisión do CACTI e, posteriormente, a comisión de investigación. Os grupos de investigación/departamentos/centros receptores estarán obrigados a manter o equipamento en correcto funcionamento. Se, tras transcorrer un prazo que non exceda os cinco anos, o centro estratéxicamente require do equipamento cedido previamente, este poderá ser recuperado polo centro.

CAMBIAR POR:

Cesión de equipamento desde o CACTI a outras unidades da Universidade de Vigo

1. O CACTI poderá cederlles equipamento a grupos de investigación, departamentos ou centros da Universidade de Vigo cando transcorran, polo menos, dous anos sen que se reciban solicitudes de servizo por parte de persoas usuarias. Así mesmo, poderá considerarse a cesión de equipamento que, por causas xustificadas, xa non resulte de interese para o seu mantemento en funcionamento no CACTI.

CAPÍTULO VII. Cesións de equipos

CAMBIAR POR:

2. A oferta de cesión será pública e xestionada pola dirección do CACTI, que informará das solicitudes recibidas. A aprobación definitiva corresponderalle á Comisión do CACTI e, posteriormente, á Comisión de Investigación da Universidade de Vigo.
3. O equipamento cedido deberá ser almacenado e utilizado exclusivamente nas instalacións da entidade receptora, que se compromete á súa custodia e ao seu correcto funcionamento. A entidade receptora asumirá os gastos de manipulación, empacotado e transporte desde as instalacións do CACTI ata o seu destino final.
4. O equipamento será cedido sen ningún tipo de garantía, expresa ou implícita, e os gastos de mantemento e reparacións serán asumidos pola entidade receptora desde o momento da cesión. O CACTI non será responsable do uso que se faga do equipamento unha vez formalizada a cesión.
5. A entidade receptora deberá realizar a xestión do cambio de localización no Servizo de Patrimonio da Universidade de Vigo, así como a correspondente actualización na base de datos de infraestruturas RESUV.
6. No caso de que o equipamento cedido sexa estratéxicamente necesario para o CACTI nun prazo non superior a cinco anos desde a cesión, este poderá ser recuperado polo centro.

CAPÍTULO VII. Cesións de equipos

ARTIGO 24

As solicitudes de cesión de equipamento do CACTI deberán ser informadas favorablemente pola dirección do CACTI e pola vicerreitoría con competencias en investigación.

CAMBIAR POR:

As solicitudes de cesión de equipamento propiedade do CACTI deberán ser avaliadas e informadas favorablemente pola dirección do centro, pola Comisión do CACTI e pola vicerreitoría con competencias en materia de investigación.

Unha vez aprobada a cesión, deberá formalizarse mediante a sinatura dun acordo de cesión permanente entre o CACTI, como entidade transmisora, e a entidade receptora, que poderá ser un grupo de investigación, un departamento ou un centro da Universidade de Vigo.

Novo capítulo: participación do persoal técnico en proxectos de investigación

NOVO ARTIGO

O persoal técnico adscrito ao CACTI poderá participar en proxectos de investigación financiados mediante convocatorias públicas ou a través de contratos de investigación promovidos institucionalmente pola Universidade de Vigo, sempre que a dita participación se realice fóra do seu horario laboral, non interfira coas funcións e as responsabilidades propias do servizo, e conte coa autorización previa da dirección do CACTI, da vicerreitoría con competencias en materia de investigación e da Xerencia da Universidade de Vigo.

Anexos

ANEXO II PUNTO 9

As persoas usuarias do CACTI deberán mencionar nos seus traballos os servizos prestados polo centro.

CAMBIAR POR:

As persoas usuarias do CACTI deberán recoñecer nas súas publicacións científicas, técnicas ou divulgativas o uso dos servizos prestados, mediante a seguinte mención: «Soporte técnico do CACTI (Universidade de Vigo)».

ANEXO I

Servizo de Seguridade Alimentaria e Desenvolvemento Sostible (campus de Vigo).

Servizo de Seguridade Alimentaria e Desenvolvemento Sostible (campus de Ourense).

CAMBIAR POR:

Servizo de Análise Instrumental (campus de Vigo).

Servizo de Análise Instrumental (campus de Ourense).

Foi aprobado pola Comisión do CACTI o 9 de outubro de 2025.).

9. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de Réxime Interno do Instituto de Agroecoloxía e Alimentación (IAA).

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación quen fai a seguinte intervención:

Modificación do artigo 7 do Regulamento do IAA aprobada pola xunta directiva do IAA do 03/02/2026

ARTIGO 7

1. O comité asesor externo será un órgano consultivo integrado por un mínimo de cinco persoas que serán: investigadores/as alleos á UVigo de recoñecido prestixio internacional con ampla experiencia científica e/ou técnica na xestión de proxectos de investigación, innovación ou transferencia tecnolóxica nas liñas de actuación do IAA; e profesionais de empresas e/ou institucións que traballan no ámbito agroalimentario local e/ou internacional.

CAMBIAR POR:

1. O comité asesor externo (CAE) será un órgano consultivo integrado por un mínimo de cinco persoas que serán: investigadores/as alleos á UVigo de recoñecido prestixio internacional con ampla experiencia científica e/ou técnica na xestión de proxectos de investigación, innovación ou transferencia tecnolóxica nas liñas de actuación do IAA; e profesionais de empresas e/ou institucións que traballan no ámbito agroalimentario local e/ou internacional.
2. O comité asesor externo divídese en dous comités: o comité asesor científico (SAB) e o comité asesor socioempresarial (BAB).

Modificación do artigo 7 do Regulamento do IAA aprobada pola xunta directiva do IAA do 03/02/2026

ARTIGO 7

2. Son funcións do comité asesor externo:
 - a) Asesorar e orientar o instituto de investigación na estratexia e na planificación de accións de fomento da transferencia, formación e difusión ao tecido empresarial e industrial.
 - b) Elaborar cantos informes e propostas poidan xurdir en relación coa política científica do instituto.
 - c) Identificar intereses que promovan a participación do IAA en colaboracións público-privadas.

CAMBIAR POR:

2. Son funcións do comité asesor externo:
3. Asesorar e orientar o instituto de investigación na estratexia e na planificación de accións de fomento da transferencia, formación e difusión ao tecido empresarial e industrial (BAB).
4. Elaborar cantos informes e propostas poidan xurdir en relación coa política científica do instituto (SAB).
5. Identificar intereses que promovan a participación do IAA en colaboracións público-privadas (BAB).

Modificación do artigo 7 do Regulamento do IAA aprobada pola xunta directiva do IAA do 03/02/2026

ARTIGO 7

- d) d. Asistir a dirección e a xunta directiva no seguimento da evolución da investigación no centro e da transferencia dos resultados da investigación.
- e) e. Colaborar na avaliación da actividade de I+D+i do persoal investigador vinculado co instituto.

CAMBIAR POR:

- d) d. Asistir a dirección e a xunta directiva no seguimento da evolución da investigación no centro e da transferencia dos resultados da Investigación (SAB e BAB).
- e) e. Colaborar na avaliación da actividade de I+D+i do persoal investigador vinculado co instituto (SAB e BAB).

Apróbase por asentimento.

10. Aprobación, se procede, da modificación do modelo do Convenio interinstitucional para o recoñecemento mutuo de créditos para obter unha dobre titulación internacional.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Internacionalización quen informa sobre esta modificación:

Versión en galego

Antes de iniciar o período de estudo, o persoal responsable de relacións internacionais de ambas as institucións deberá establecer e aprobar un plan de estudos individual coa duración total do programa de recoñecemento mutuo de créditos. O plan de estudos individual deberá ser revisado, en colaboración e por escrito, polas dúas institucións. As pautas xerais para conceder o recoñecemento mutuo de créditos detállanse no anexo 1.

As materias seleccionadas deben recollese nun contrato de estudos asinado polo persoal responsable de relacións internacionais da UVigo e da INSERIR UNIVERSIDADE SOCIA.

Versión en galego

Dado que se obtén un título universitario oficial na Universidade de Vigo, en cumprimento do art. 10.3 do Real decreto 822/2021, a obtención do título oficial de grao/mestrado universitario outorgado pola Universidade de Vigo requirirá obrigatoriamente que o estudiantado se matricule, realice, defenda e supere o traballo de fin de grao (TFG)/mestrado universitario (TFM) na Universidade de Vigo.

O TFG/TFM deberá elaborarse, titorizarse e defenderse conforme á normativa reguladora correspondente da Universidade de Vigo. A defensa poderá realizarse de forma presencial ou virtual sempre que o permita a normativa interna do centro no que se imparten os estudos de grao ou de mestrado universitario que o estudiantado desexa obter.

No caso de existir un requisito de idioma, incluír: O estudiantado terá que certificar un coñecemento axeitado da(s) lingua(s) de docencia para poder ser aceptado na institución de acollida. Indicar os niveis de idioma requiridos por ambas as institucións.

Versión en castelán

Antes de iniciar el periodo de estudio, el personal responsable de relaciones internacionales de ambas instituciones deberá establecer y aprobar un plan de estudios individual para la duración total del programa de reconocimiento mutuo de créditos. El plan de estudios individual deberá ser revisado en colaboración y por escrito, por las dos instituciones.

Las pautas generales para la concesión del reconocimiento mutuo de créditos estarán detalladas en el anexo 1.

Las asignaturas seleccionadas deben recogerse en un contrato de estudios, firmado por el personal responsable de relaciones internacionales de la UVigo y INSERTAR UNIVERSIDAD SOCIA.

Versión en castelán

Dado que se obtiene un título universitario oficial en la Universidade de Vigo, en cumplimiento del art. 10.3 del Real decreto 822/2021 la obtención del título oficial de grado/máster universitario otorgado por la Universidade de Vigo requerirá obligatoriamente que el estudiantado se matricule, realice, defienda y supere el trabajo de fin de grado (TFG)/máster universitario (TFM) en la Universidade de Vigo.

El TFG/TFM deberá elaborarse, tutorizarse y defenderse conforme a la normativa reguladora correspondiente de la Universidade de Vigo. La defensa podrá realizarse de forma presencial o virtual, siempre que lo permita la normativa interna del centro en el que se imparten los estudios de grado o de máster universitario que el estudiantado desea obtener.

En el caso de existir una condición de idioma, incluir: El alumnado tendrá que certificar un conocimiento adecuado de la(s) lengua(s) de docencia para poder ser aceptado en la institución de acogida. Indicar los niveles de idioma requeridos por ambas instituciones.

Versión en inglés

Before starting the study period, the staff responsible for international relations of both institutions must establish and approve an individual study plan for the entire duration of the mutual credit recognition programme. The individual study plan must be reviewed collaboratively and in writing by both institutions.

The general guidelines for granting mutual recognition of credits will be detailed in ANNEX 1.

The selected courses must be included in a study contract, signed by the staff responsible for international relations at UVigo and INSERT PARTNER UNIVERSITY.

Versión en inglés

Given that an official university degree is awarded by the Universidade de Vigo, in compliance with Article 10.3 of Royal Decree 822/2021, obtaining the official Bachelor's/Master's degree from the Universidade de Vigo will necessarily require students to enrol in, complete, defend, and pass the Bachelor's Thesis (TFG)/Master's Thesis (TFM) at the Universidade de Vigo.

The TFG/TFM must be prepared, supervised, and defended in accordance with the applicable regulatory guidelines of the Universidade de Vigo. The defence may be conducted either in person or virtually, provided that it is allowed by the internal regulations of the centre where the bachelor's or master's programme is taught.

IF THERE IS A LANGUAGE REQUIREMENT, INSERT THE FOLLOWING: The students will have to certify having an adequate knowledge of the language(s) of instruction in order to be accepted at the host institution. INCLUDE LANGUAGE LEVELS REQUIRED AT BOTH INSTITUTIONS.

Nova redacción do Artigo 2

PLAN DE ESTUDOS E CURSO

- Informada favorablemente pola Asesoría Xurídica.
- Aprobada pola Comisión de Relacións Internacionais na sesión do 13.02.2026.

11. Aprobación, se procede, da proposta do Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa da concesión do grao de “Doutor Honoris Causa” a Don Antonio Manuel Seixas Sampaio da Nóvoa.

O Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa, co aval doutros oito departamentos do ámbito xurídico-social, eleva ao Consello de Goberno a candidatura do profesor António Nóvoa, en recoñecemento á súa dilatada traxectoria no campo da historia da educación e educación comparada, na que destacan a historia da profesión docente e o desenvolvemento de políticas educativas na Unión Europea. Destaca pola súa extraordinaria capacidade para ler no pasado da profesión docente, e atinar no deseño de percursos polos que debe transitar no futuro. Nada máis clarificador que o título do seu recente libro traducido ao castelán pola editorial Narcea en 2025, *Profesores liberar el futuro*. Orixinal en portugués de 2023, publicado en São Paulo.

Os principais obxectivos da proposta consisten, por un lado, en incorporar ao noso Claustro honorario a un dos maiores expertos mundiais no campo da educación comparada, da historia da profesión docente, e nas propostas de educación para o futuro; e, por outro lado, ser a primeira Universidade do Estado español, en facer este recoñecemento, uníndose así ás seis universidades portuguesas e brasileiras que xa o realizaron: Algarve, Lusófona, Brasilia, Río de Janeiro, Santa María e São Paulo.

Cumpre cos requisitos establecidos, polo que se propón a súa aprobación.

Apróbase por asentimento.

12. Elección de representantes na Comisión de seguimento do Plan Estratégico: 2 PDI; 2 PTXAS; 4 estudantes; 1 director/a de departamento.

Non hai candidaturas. Non se incluírá de novo este punto ata despois das eleccións.

13. Quenda de Intervencións.

Virxilio Rodríguez Vázquez fai unha consulta en relación co que se lle comunicou aos centros sobre a elaboración dos horarios. A vicerreitora responde que se fixo para adiantar un pouco o traballo con respecto ao contrato vinculante das listas de agarda, por iso se pediu, na medida do posible, puideran enviar os horarios para poder adiantar este proceso.

Álvaro López Mira di que coincidirá a aprobación do POD coa Campaña Electoral. A vicerreitora di que seguimos traballando.

Carmen Ruiz Hidalgo di que quere intervir sobre as manifestacións que se fixeron sobre a súa persoa no anterior Consello de Goberno, co seguinte contido:

“Quisiera intervenir para dar respuesta a las manifestaciones que se hicieron sobre mi persona en el anterior Consello de Gobierno del mes de febrero. Como me tuve que ausentar antes de que finalizase la reunión, no pude solicitar la palabra para ejercitar mi derecho de réplica.

Nunca tuve la intención de ser una estrella jurídica, pero, el profesor Cuevas con sus manifestaciones me ha elevado a un nivel del firmamento jurídico que nunca hubiera osado ocupar.

Además, profesor Cuevas, ¿me trata como si yo fuera la patronal que trato de imponer mi criterio sobre un trabajador sin respetar sus derechos;

Se equivoca profesor Cuevas, yo soy otra profesora con derechos que también pueden verse vulnerados. Es más, nunca dije que los derechos de mi compañera fueran inexistentes, y por ello solicité en ese Consello de Gobierno al que usted hizo referencia, la defensa de mis derechos que, de acuerdo con sus conocimientos jurídicos, también, supongo, pueden ser calificados como fundamentales (ya me dirá cuáles son, más allá del artículo 14 de la Constitución, que no creo que haya sido vulnerado nunca).

En todo caso, me gustaría hacer una serie de precisiones.

En primer lugar, me gustaría pedir perdón a los miembros del Consello de Gobierno quienes, según el profesor Cuevas, intenté dar una lección de derecho en el Consello de Gobierno celebrado el 20 de diciembre de 2024. No era mi intención, ni lo pretendí. Solo me referí al pronunciamiento del TSJ de Madrid de 12 de junio de 2024, donde se indicaba que el Departamento es quién tiene emitir un informe favorable y no el Consejo de Gobierno, en el caso del artículo 17.4 de la Ley de Ciencia. Cuestión esta bastante lógica porque el Departamento es la unidad de la Universidad donde mejor se puede medir tanto el interés público en la docencia como en la investigación.

Por eso le decía que me ha elevado a un estatus jurídico nunca esperado por mí, cuando pone como palabras mías el pronunciamiento del TSJ de Madrid.

En segundo lugar, no voy a alargarme en comentarios a la sentencia del TSJ de Galicia, a la que usted hace mención, pero sigo pensando que la correcta interpretación de los artículos 17.3 y 17.4 de la Ley de Ciencia es que el informe favorable se exige en todos los supuestos. No tiene ningún sentido que se exija dicho informe para aquellos investigadores que soliciten una excedencia con la finalidad de incorporarse en otros agentes públicos de ejecución del Sistema Español de Ciencia, Tecnología e investigación públicos, y que no se exija a aquellos que pretenden incorporarse a entidades privadas españolas o agentes internacionales o extranjeros.

A usted puede que no le parezca correcta mi valoración sobre el pronunciamiento del TSJ de Galicia, porque, claro es evidente que cada ciudadano tiene un árbitro, un médico, un presidente del gobierno, y por supuesto, un jurista, en su corazón, para saber cómo hay que hacer las cosas, y en ese caso, interpretar el derecho.

Seguramente usted habrá discrepado del contenido y fallo de alguna sentencia que no hubiese estimado las pretensiones del sindicato al que pertenece, déjeme discrepar a mi también.

En tercer lugar, yo recuerdo que en las Sesiones de Consello de Gobierno en las que se trató este asunto julio y diciembre del 2024, se pudo hablar, debatir, incluso por parte de personas que no son miembros del Consello de Gobierno. Y es así porque el Rector en un ejercicio de máxima transparencia y como garante de los derechos de cualquier miembro de la Comunidad Universitaria dio la palabra a todo aquel que la solicitó y se pusieron de manifiesto los pros y las contras de ambas posturas. Hombre, Profesor Cuevas, decir que fue grave lo que aconteció

en ambos Consellos de Goberno, es decir que no se respetó el procedimiento en la adopción de los acuerdos y que se actuó de forma discrecional y arbitraria. Otra cosa es que a usted le hubiese gustado otro acuerdo, pero, sus afirmaciones no son aceptables.

Ya acabo, en cuarto lugar, mire en una cosa estoy de acuerdo con usted, aunque no sé si he interpretado correctamente lo que ha querido decir. Y es la necesidad de que haya un procedimiento de aplicación para los supuestos contemplados en la Ley de Ciencia, porque, la verdad, si ahora en un profesor de su departamento solicitara una excedencia bajo el amparo de esta Ley, sinceramente, yo, al menos, no me encuentro capacitada para poder tomar una decisión acerca del interés público en lo relativo a la docencia e investigación, si no es el Departamento quién me informe.

En fin, profesor Cuevas, tenemos pareceres distintos sobre este asunto, pero, si le parece bien, lo dejamos aquí.

Nada más y muchas gracias”.

Miguel Cuevas fai referencia ao que ven reflectido na acta. Manifesta a súa discrepancia coa intervención de Carmen Ruiz, pensa que non foron entendidas as súas palabras en referencia a ela. A súa intervención sobre Carmen Ruiz é citando as súas palabras recollidas na acta de Consello de Goberno, non son unha invención. Esa insistencia, en que os sindicatos son xeradores de ruído, é a que quixo destacar. Volve a dicir que a sentenza non di que o informe do Consello de Departamento non fose necesario, senón que non era vinculante.

Hai debate.

O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:51 h. do día 25 de marzo de 2026, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

A secretaria xeral